

ASUNTO: INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DA OFERTA PRESENTADA POLA EMPRESA VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, POLO SUPOSTO DE BAIXA TEMERARIA NO QUE INCURRE O OFERTANTE

PROXECTO: DE RENOVACIÓN Y ADAPTACIÓN AL REGLAMENTO DE EFICIENCIA ENERGÉTICA, RD 1890/2008, DE ALUMBRADOS PÚBLICOS EN EL AYUNTAMIENTO DE CURTIS

EXPEDIENTE: 2019/C003/000008

Olivia Souto Freiría, en calidade de arquitecta técnica municipal do Concello de Curtis, en relación coa contratación da obra denominada "DE RENOVACIÓN Y ADAPTACIÓN AL REGLAMENTO DE EFICIENCIA ENERGÉTICA, RD 1890/2008, DE ALUMBRADOS PÚBLICOS EN EL AYUNTAMIENTO DE CURTIS", emite o seguinte INFORME,

01. ANTECEDENTES_Segundo a acta da sesión da Mesa de Contratación con data 18/09/2019, a oferta da empresa **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS**, é a máis favorable, pero contén unha baixa temeraria, polo que a Mesa, de acordo ao punto 15.4.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), acorda notificarlle este feito a empresa para que no prazo de cinco días xustifique a oferta acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do citado Prego.

Dita documentación é aportada pola empresa **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS**, con data do 26/09/2019 (Re nº0296).

02. OBJETO DO INFORME_Emítese o presente informe en base ao apartado 15.4.1 del (PCAP) que rixen para a contratación da obra indicada no encabezamento, no caso de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, no que se dispón que: <<Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP) notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe>>; e en base ao artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), no cal se establece que: "Cando a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación houbera identificado unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as houberan presentado dándolles prazo suficiente para que xustifiquen e detallen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custes, ou calquera outro parámetro en base ao cal se houbera definido a anormalidade da oferta, mediante a presentación de aquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos>>.

03. CRITERIOS OBXECTIVOS PARA APRECIAR OU NON O CARÁCTER DESPROPORCIONADO OU ANORMAL DA OFERTA_De acordo co apartado 15.4.3 do PCAP serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma:

- Xustificación dos prezos ofertados

- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:
 - a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
 - b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoña para executar as obras.
 - c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
 - d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP.
 - e) A posible obtención dunha axuda de Estado.

04. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR PARA XUSTIFICAR A SÚA OFERTA_ De acordo con apartado 15.4.4 do PCAP os licitadores con ofertas inicialmente baixas deberán presentar para xustificar ou non a oferta, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados

A. Materias

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/o materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares.)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custe individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Alugue e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra

3. Relación entre custes laborais fixos e volume de obra contratada

4. Cumprimento obrigacións salariais.

5. Relación de subcontratos programas e carta de compromiso de subcontratistas.

05. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO LICITADO PARA XUSTIFICAR A SÚA OFERTA_a empresa **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS** presenta a seguinte documentación:

1 Xustificación de prezos ofertados:

A) Materiais

B) Maquinaria

C) Resumo das unidades de obra, non figuran as partidas descompostas segundo proxecto.

2. Volume de obra

3. Relación entre custes laborais fixos e volume de obra contratada, aportando:

4. cumprimento das obrigacións salariais

5. relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

06. ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO LICITADOR PARA XUSTIFICAR A SÚA OFERTA_Do análise da documentación aportada observase que:

1. En canto a xustificación de prezos ofertados

- Aporta un listado dos materiais a comprar apoiado en ofertas de provedores con prezos unitarios.
- Respecto da maquinaria comenta que procedera a subcontratar a ELECTRICIDAD MIGUEL Y RUBEN; non aporta xustificación da mesma.
- Respecto dos medio propios comenta que non prevé o uso dos mesmos na presente obra.
- Tamén prevé subcontratar a man de obra necesaria a empresa ELECTRICIDAD MIGUEL Y RUBEN; non aporta xustificación da mesma.
- Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico, presenta un orzamento detallado dos prezos descompostos e prezos por instalacións
- Non aporta descompostos por instalacións segundo proxecto e baixa o prezo dos custes de instalación sen xustificación ningunha.

Tamén rebaixo as porcentaxes dos gastos xerais e do beneficio industrial (en proxecto figuran o 13 e o 6% respectivamente; na documentación aportada, o 6,06 e 5%.

2. En canto a xustificación do volume de obra

- O representante da entidade aporta un listado das últimas obras executadas na zona de actuación de natureza similar co nome do cliente, ano e importe. Comenta que so ten activas dúas obras polo que o persoal pode estar dispoñible para esta obra.
- Xunta as nóminas de agosto de 2019 de varios traballadores e a relación nominal dos traballadores.

3. En canto a xustificación da relación entre custes laborais fixos e volume de obra contratada

- informe de traballadores en alta (ita).
- copia das nóminas do persoal.
- copia dos documentos de cotización.
- certificados de estar ao corrente no pago coa axencia tributaria e seguridade social.

4. En canto a xustificación do cumprimento de obrigacións salariais.

- aporta a clasificación do contratista do ministerio de facenda.

5. Relación de subcontratos programados e a carta de compromiso de subcontratistas.

- a empresa comenta que subcontratará a parte da instalación.

07. CONCLUSIÓNS_Realizadas as anteriores apreciacións, a técnica que subscribe considera que a documentación xustificativa da oferta que se aporta por parte da empresa **VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS**, non se axusta a documentación indicada no apartado 15.4.4 do PCAP.

Infórmase aos efectos oportunos e sen prexuízo de terceiros, e asíñase o documento na data que figura na marxe, pola arquitecta técnica municipal, Olivia Souto Freiría.